



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.-

Asunto: Decreto finalización do proceso. OEP Extraordinaria estabilización: TÉCNICO/A DE ANIMACIÓN FÍSICA/DEPORTIVA. (Código RPT 5115)

Expediente: 2025/G003/000021 - 2022/E001/000042

M^a Teresa Villaverde Pais, Alcaldesa do Concello de Lousame, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente en materia de réxime local, adopta a presente resolución que se basea nos antecedentes administrativos e fundamentos xurídicos que de seguido se indican:

1. Oferta Pública de Emprego Extraordinaria para a redución da temporalidade do emprego público, aprobada por Resolución de Alcaldía núm. 267 de data 23/05/2022 e publicada no Boletín Oficial da Provincia núm. 99 do 26/05/2022. Nesta OEP, incluíase a praza con código na RPT 5115, coa seguinte configuración:

Denominación	Natureza	Número	Grupo/Subgrupo	Xornada	Código RPT	Quenda/Provisión
Animador/a Deportivo/a	Laboral	1	IV: C2	Completa	5115	Libre/ Concurso (DA 6ª Lei 20/2021)

2. Bases Xerais e Específicas que rexerán a convocatoria e os procesos selectivos para executar a Oferta de Emprego Público Extraordinaria para a redución da temporalidade no emprego público.
3. Acta da Mesa Xeral de Negociación relativa ás Bases Xerais e Específicas, que tivo lugar o día 02.12.2022, na que os sindicatos e delegados de persoal que concorreron manifestaron o seu apoio á proposta da Alcaldía.
4. Informe da Secretaría-Intervención 235/2022 do 05/12/2022
5. Resolución da Alcaldía 701/2022 do 05/12/2022 pola que se aproba a convocatoria daquelas prazas incluídas na Oferta de Emprego Pública Extraordinaria na aplicación da DA 6ª e 8ª da Lei 20/2021. Do mesmo xeito aprobáronse as Bases Xerais e Específicas que rexerán a convocatoria e os procesos selectivos correspondentes.
6. O anuncio da convocatoria e as bases xerais e específicas para executar a OEP Extraordinaria para a redución do emprego temporal (DA 6ª e 8ª da Lei 20/2021) foi publicada:
 - a. Na sede electrónica municipal o día 07/12/2022
 - b. No Boletín Oficial da Provincia 234 do día 13/12/2022
7. O anuncio da convocatoria para executar a OEP Extraordinaria para a redución do emprego temporal (DA 6ª e 8ª da Lei 20/2021) foi publicada:
 - a. No Diario Oficial de Galicia 239 do 19/12/2022
 - b. No Boletín Oficial do Estado 307 do 23/12/2022
8. Durante o prazo outorgado ao efecto (do 24.12.2022 ao 12.01.2023), presentaron solicitude de participación dous aspirantes á praza con código RPT 5115.
9. Con carácter posterior, comprobouse que a clasificación atribuída ao posto 5115 (Animador Deportivo) non era correcta, xa que polas funcións que desenvolvía, na aplicación da Lei do Deporte de Galicia, e á vista das familias profesionais da rama de actividades físicas deportivas, a titulación esixida para o desempeño desas funcións é a de Técnico Superior, equiparable ao Grupo B de funcionarios.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

10. Así, antes da cobertura da praza de xeito definitivo, iníciase o procedemento para modificar a Relación de Postos de Traballo do Concello de Lousame. Tras a oportuna negociación coas centrais sindicais, na Mesa Xeral de Negociación (do día 06.11.2023), aprobación inicial polo Pleno Corporativo (na sesión do 24.11.2023), período de información pública, e resolución de alegacións, o Pleno Corporativo aproba definitivamente a modificación da Relación de Postos de Traballo, na sesión plenaria que tivo lugar o día 05/04/2024, coa seguinte configuración:

Denominación	Natureza	Número	Grupo/Subgrupo	Xornada	Código RPT
Técnico/a Animación Física/Deportiva	Laboral	1	X: B	Completa	5115

11. A Relación de Postos de Traballo, modificada definitivamente na sesión plenaria do día 05.04.2024, foi publicada na sede electrónica o día 08/04/2024 e no BOP núm. 76 do día 18/04/2024.
12. Modificada a Relación de Postos de Traballo, cómpre modificar a OEP Extraordinaria, no seu día aprobada (Resolución 267/2022 do 23/05/2022); tal e como se negociou na Mesa Xeral de Negociación, que tivo lugar o día 06/11/2023, con ocasión da tramitación do expediente para modificar a RPT do Concello de Lousame.
13. A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 18/04/2024, acordou a modificación da Oferta de Emprego Extraordinaria, no seguinte senso:

“Primeiro: Modificar a Oferta de Emprego Público extraordinaria para a estabilización do emprego temporal ao abeiro da Lei 20/2021 do 28 de decembro de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, no tocante á seguinte praza que queda configurada do seguinte xeito:

Denominación	Natureza	Número	Grupo/Subgrupo	Xornada	Código RPT
Técnico/a Animación Física/Deportiva	Laboral	1	X: B	Completa	5115

Segundo: Publicar anuncio na sede electrónica e no Boletín Oficial da Provincia.

Terceiro: Dar conta ao Pleno Corporativo na vindeira sesión ordinaria que teña lugar.”

14. O anuncio de modificación da Oferta de Emprego Pública Extraordinaria foi publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 80 do 24/04/2024.
15. Decreto da alcaldía núm. 267/2024 do 02.05.2024 aprobando a modificación das Bases Xerais e Específicas OPE Extraordinaria (DA 6ª e 8ª Lei 20/2021), no tocante á prazo 5115. Apertura dun prazo adicional de presentación de instancias.
16. O anuncio da convocatoria e as bases xerais e específicas modificadas para executar a OEP Extraordinaria para a redución do emprego temporal (DA 6ª e 8ª da Lei 20/2021) foi publicada:
- Na sede electrónica municipal o día 02/10/2024
 - No Boletín Oficial da Provincia do día 07/05/2024
17. O anuncio da convocatoria para executar a OEP Extraordinaria para a redución do emprego temporal (DA 6ª e 8ª da Lei 20/2021) coas modificacións foi publicada:
- No Diario Oficial de Galicia 96 do 20/05/2024
 - No Boletín Oficial do Estado 115 do 11/05/2024
18. Mediante Resolución da Alcaldía 639/2024/2024 do 10/10/2024, aprobouse a listaxe definitiva de aspirantes admitidos e excluídos e o nomeamento do Tribunal cualificador. Esta Resolución foi publicada na sede electrónica o día 10/10/2024





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

19. A listaxe de aspirantes admitidos e excluídos foi a seguinte:

2022/E001/000042	Técnico/a animación física/deportiva (5115)						
Apelidos e Nome	Anexo I	DNI	CELGA	Titulación	Méritos	Taxa	Admisión Provisional
Boado Carollo, Antonio	Si	***3059**	Si	Si	Si	Si	Si
Sánchez Fernández, Diego	Si	***1078**	Si	Si	Si	Si	Si
Castiñeiras Becerra, David	Si	***4732**	Si	Si	Si	Si	Si
Romero Agra, Nestor	Si	***3423**	Si	Si	Si	Si	Si

20. O día 27/11/2024 tivo lugar a primeira reunión do Tribunal Cualificador, na que se levou a cabo a baremación dos méritos achegados polos aspirantes, segundo o regulado nas Bases Xerais número 9 (Sistemas de selección e desenvolvemento dos procesos), número 10 (Acreditación do coñecemento da lingua galega), número 11 (Relación de persoas propostas para a obtención dunha praza) e número 12 (Criterios de desempate).

O resultado foi o seguinte:

Orde	Apelidos e Nome	Experiencia profesional	Formación	Total
1	Romero Agra, Nestor	60	40	100,00
2	Castiñeiras Becerra, Savid	40	40	80,00
3	Sánchez Fernández, Diego	1,20	40	41,20
4	Boado Carollo, Antonio	0	40	40,00

21. Rematada a valoración dos méritos foi publicada na sede electrónica a puntuación provisional que acadou cada aspirante na fase de concurso. Os aspirantes dispoñían dun prazo de 10 días hábiles para formular alegacións. Dito anuncio foi publicado na sede electrónica do Concello de Lousame o 27/11/2024.

22. Consta incorporada ao expediente Dilixencia acreditativa (do 13/12/2024) da existencia de alegacións durante o período de información pública:

Alegante:	Data presentación alegación:
Romero Agra, Nestor	02/12/2024. (R.E núm. 1982)

23. O día 16/12/2024 tivo lugar a segunda reunión do Tribunal Cualificador, na que se acordou: *Propoñer á Alcaldía, de xeito definitivo, ao seguinte aspirante, para obter a praza obxecto de estabilización neste proceso selectivo:*

Orde	Aspirante	Experiencia Profesional	Formación	Total Concurso
1	Romero Agra, Nestor	60	40	100,00

24. A Acta Segunda do Tribunal Cualificador, coa proposta de nomeamento e a relación complementaria de persoas aspirantes, foi publicada na sede electrónica, o día 16/12/2024.

25. Dentro do prazo de 20 días naturais o candidato presentou a documentación indicada na base 13.

Data de publicación na sede electrónica:	16.12.2024
--	------------





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Data de presentación da documentación:	30.12.2024 (R.E. núm. 2127)
--	-----------------------------

26. O día 15/01/2024 o Técnico de Administración Xeral emite informe sobre a documentación presentada, concluíndo que a mesma é correcta.

Fundamentos Xurídicos:

1. Segundo a Base Xeral número 3:

Os anuncios sucesivos durante o desenvolvemento do proceso selectivo (listaxe de admitidos/as, nomeamento e convocatoria do tribunal, etcétera) serán obxecto de publicación no Taboleiro da sede electrónica do Concello de Lousame (<https://sede.lousame.es/opencms/es/informacion/>).

2. Segundo a Base Xeral número 5:

As solicitudes, requirindo tomar parte nos correspondentes procesos selectivos, (...) presentaranse (...) no prazo de vinte días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

3. Segundo a Base Xeral número 7:

Expirado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará resolución (...), declarando aprobada a lista provisional de persoas admitidas e excluídas. No caso de non existir aspirantes excluídos, poderase elevar a definitiva a listaxe provisional na mesma resolución, dando inicio ao proceso selectivo. (...) Igualmente, na mesma resolución, farase constar a designación nominal do Tribunal e, o lugar, data e hora de constitución deste para o desenvolvemento do proceso selectivo.

4. Segundo a Base Xeral número 11:

1. *Rematada a valoración dos méritos, o Tribunal publicará, na sede electrónica do Concello de Lousame, a puntuación provisional que acadou cada aspirante na fase de concurso.*

De ser necesario, aplicará os criterios de desempate regulados na Base núm. 12.

Os aspirantes disporán dun prazo de dez días hábiles, contados dende o día seguinte á publicación das valoracións, para formular alegacións.

2. *Finalizado o trámite anterior, e consideradas as reclamacións presentadas, o Tribunal efectuará a proposta das persoas aspirantes para a obtención das prazas obxecto de estabilización.*

O Tribunal non poderá aprobar a ningunha persoa aspirante que non acade unha puntuación mínima de 30 puntos no concurso de méritos.

O Tribunal non poderá en ningún caso aprobar nin declarar que superaron as probas selectivas un número superior de aspirantes ao das prazas convocadas. Calquera proposta do Tribunal que contraveña o establecido anteriormente será nula de pleno dereito.

3. *Se algunha persoa proposta non acreditou o coñecemento da lingua galega, terá lugar a proba de coñecemento da lingua galega, tal e como se regula na Base núm. 10.*

4. *Finalizada a fase de concurso, aplicados (de ser necesarios) os criterios de desempate e realizada (no seu caso) a proba do coñecemento da lingua galega o Tribunal efectuará á Alcaldía a proposta definitiva das persoas aspirantes para a obtención das prazas obxecto de estabilización. Esta proposta definitiva será obxecto de publicación na sede electrónica do Concello de Lousame.*

5. Segundo a Base Xeral núm. 13:





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Finalizada a fase de concurso, o Tribunal efectuará á Alcaldía, a proposta definitiva das persoas aspirantes para a obtención das prazas obxecto de estabilización. Esta proposta definitiva será obxecto de publicación na sede electrónica do Concello de Lousame.

A proposta do Tribunal ten carácter vinculante para a Alcaldía.

As persoas propostas para a obtención das prazas deben achegar, no prazo de 20 días naturais, dende a publicación na sede electrónica do Concello de Lousame a seguinte documentación:

- *DNI ou calquera outro documento acreditativo da nacionalidade co alcance establecido no artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.*
- *Certificado médico oficial acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o desempeño das funcións propias do posto.*
- *Declaración xurada de non ter sito separado do servizo das Administracións Públicas nos termos sinalados na Base Xeral 4; e non estar incurso en algunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.*
- *Orixinal ou copia cotexada da titulación esixida nas Bases Específicas da convocatoria.*
- *Orixinal ou copia cotexada do documento acreditativo do coñecemento da lingua galega, que o eximiu de realizar as probas de coñecemento da mesma.*
- *Orixinal ou copia cotexada dos méritos alegados.*
- *Orixinal ou copia cotexada dos restantes requisitos esixidos nas Bases Específicas de cada convocatoria.*

Concluído o proceso selectivo, e achegada a documentación necesaria, os aspirantes seleccionados, cun número que non poderá exceder en ningún caso ao dos postos convocados, serán nomeados pola Alcaldía como persoal funcionario ou contratados como persoal laboral fixo. Ordenarase a publicación dos nomeamentos no Boletín Oficial da Provincia e Diario Oficial de Galicia.

6. Segundo o artigo 63 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia:

La condición de personal laboral se adquiere por la firma del contrato de trabajo, previa acreditación de que se reúnen los requisitos y condiciones exigidos y, en su caso, de la superación del correspondiente proceso selectivo..

Á vista dos antecedentes e fundamentos expostos, na aplicación do disposto nas Bases Xerais que rexen o proceso selectivo **RESOLVO:**

Primeiro: Realizar a contratación como **persoal laboral fixo**, para obter a praza obxecto de estabilización no proceso selectivo con núm. de expediente **2022/E001/000042 (Técnico/a Animación Física/Deportiva- código RPT 5115)** a favor de:

Identidade do Aspirante	DNI
Nestor Romero Agra	***3423**

Segundo: Ordenar a publicación deste acordo no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia. Do mesmo xeito, publicar esta resolución na sede electrónica para xeral coñecemento e notificar á aspirante seleccionada.

Terceiro: Proporcionar a información estatística correspondente ao resultado do proceso de estabilización de emprego temporal a través do Sistema de Información Salarial do Persoal da Administración.

Cuarto: Informar á representación legal dos empregados do nomeamento como persoal laboral fixo aos efectos que procedan.

Quinto: Dar conta ao Pleno Corporativo, na vindeira sesión ordinaria que teña lugar.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Asinado en Lousame, por medios electrónicos, pola Alcaldesa, M^a Teresa Villaverde Pais; do que eu, Paula Ares Otero, como secretaria e para os únicos efectos de fe pública, dou fe (R.D.128/2018, do 16 de marzo).

